

Xosé Manuel Beiras, homenaxeado como escritor: a "relevante achega" que completa o seu legado

[Praza Pública](#) sábado 14, xuño 2025

<https://praza.gal/cultura/xose-manuel-beiras-homenaxeado-como-escritor-a-relevante-achega-que-completa-o-seu-legado>

Dende hai tres décadas a [Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega \(AELG\)](#) homenaxe cada ano a un autor ou autora no seu lugar de orixe. Nesta ocasión a homenaxe *ao escritor na súa Terra* celebrou a figura de **Xosé Manuel Beiras**, economista, político e tamén autor -ensaísta e tradutor- e que ademais formou parte do Consello Directivo da AELG entre 1982 e 1986.

Foi en Santiago, onde Beiras naceu en 1936. **O acto iniciouse no Parque de Galeras**, onde se descubriu un monolito e foi plantada unha árbore escollida por Xosé Manuel Beiras, un teixo; posteriormente interviron a alcaldesa compostelá, Goretti Sanmartín, o presidente da AELG, Cesáreo Sánchez Iglesias, ademais do propio homenaxeado. No monolito pódese ler a frase “meu amor de madrugada”.

No seu discurso, Xosé Manuel Beiras lembrou a súa infancia nas rúas compostelás dos anos da posguerra, tamén neste espazo que hoxe ocupa o Parque de Galeras, nas beiras do río Sarela. Un río, destacou, que neses anos era coñecido como “río dos sapos”, e que adoitaba cruzar cos seus irmáns a través da ponte para ir á zona de Casas Novas. **Beiras admitiu que nunca se recoñeceu como escritor fronte a outros compañeiros e compañeiras da chamada Xeración dos 50 e dixo que a homenaxe é “un honor realmente inmerecido”, aínda que manifestou a súa “absoluta felicidade” polo evento.**

A continuación, **a celebración trasladouse á súa segunda localización, o Auditorio do Centro Galego de Arte Contemporánea, onde lle foi entregada a Letra E**, unha peza escultórica elaborada por Silverio Rivas. No acto interviron de novo Goretti Sanmartín e Cesáreo Sánchez, ademais de Beatriz Maceda Abeleira, vicepresidenta da AELG e de **Miguel Anxo Fernán-Vello, que ofreceu unha *laudatio* de Xosé Manuel Beiras que foi respondida polo homenaxeado**, unha intervención que pechou o evento. Finalmente, tivo lugar un xantar de confraternización no restaurante A Nave de Vidán.

Na súa intervención, Goretti Sanmartín referiuse ás facetas de Beiras como “creador de textos teoría económica e política, autor de artigos xornalísticos de indubidábel valor, tradutor para a nosa lingua de obras de relevancia mundial, e autor tamén, menos coñecido mais a tempo estamos, de obra narrativa e poética”.

“Esta letra E, concedida por méritos propios, é boa oportunidade para nos mergullarmos na súa ampla obra, nas páxinas escritas en distintos rexistros, no pensamento necesario, na expresión precisa. Mais tamén, a Beiras coñecémolo en boa medida por esa rara facultade, da que moi poucas persoas gozan, de dominar a palabra, de crear discurso con vontade tamén literaria, de construír pezas orais que, a maior parte das veces, se esvaecen conforme se pronuncian mais que deixan pouso, deixan pegada en quen as escoita” afirmou a alcaldesa.

Ademais do seu coñecido labor como político, economista e profesor universitario, Xosé Manuel Beiras publicou unha quincena de ensaios, entre os que destaca *O atraso económico de Galicia* (1972), *Prosas de combate e maldicer* (1991), *O Estado da Nación* (1996) ou o recente *Retratos en fite*, publicado en 2022 por Laiovento. Ademais, é responsable de cinco traducións do francés ao galego, entre elas tres obras de Albert Camus. En 2022 recibiu o premio Luís Porteiro Garea da USC polo seu “labor activo a prol da lingua galega, un recoñecemento que se une a outros, coma o Premio Trasalba.

A AELG destaca que Beiras desenvolveu ao longo da súa ampla traxectoria "unha relevante achega ao mundo da escrita", tanto no ensaio como na tradución, que permite "completar o seu legado como unha das figuras máis relevantes do proxecto plural e diverso, sempre en marcha, da Galiza"

Xosé Manuel Beiras únese así a unha longa xeira de autores e autoras homenaxeadas pola AELG nos actos dedicados [O/A Escritor/a na súa Terra](#). A primeira homenaxe tivo lugar en 1995 en Noia, dedicada a Antón Avilés de Taramancos, e nos anos seguintes seguiron outras a Bernardino Graña, Manuel María, María Xosé Queizán, Xosé Neira Vilas, Uxío Novoneira ou Luz Pozo Garza.